



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Anuncio de aprobación do informe de viabilidade económica-financeira para o contrato de concesión de servizos da instalación deportiva do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada día 19 de novembro de 2025, adoptou, entre outros, os seguinte acordo:

“**Primeiro.** Aprobar O INFORME DE VIABILIDADE ECONÓMICA-FINANCEIRA DA XESTIÓN DO SERVIZO DA INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES (documento CSV 7330 7106 062G 0S23 0FAU).

Segundo. Someter o dito informe de viabilidade a información pública, mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de un mes, que se computará de conformidade co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este prazo computarase desde o día seguinte ao da publicación, e durante o mesmo as persoas interesadas poderán realizar as alegacións e suxestións que consideren oportunas.”

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na Concellaría de Deportes, situada no Palacio dos Deportes de Riazor, na rúa Manuel Murguía, sen número, 15011 A Coruña, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de posibles reclamacións ou suxestións.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o informe de viabilidade económica-financeira considerárase definitivamente aprobado.

Publícase para os efectos oportunos.

A Coruña, 20 de novembro de 2025

Nereida María Canosa Domínguez

Concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local

2025/7763